



Benvid@s!!

Unha nova etapa comeza para os nosos fillos e fillas nos que serán os grandes protagonistas.

Neste percorrido, dende as casas as súas familias tamén @s acompañamos neste camiño.

Para facelo en conxunto, propoñémosvos que a ANPA sexa o noso punto de encontro común, onde sexa doado comunicarnos e axudarnos ante calquera obstáculo.

Xunta Directiva

Presidenta e representante no Consello

Escolar: Irene

Vicepresidenta: Sonia

Secretaria: Raquel

Tesoreira: Almudena

Vogal: Pablo

Faite socio!!

Contacta con nós


Calquera dúbida, suxestión, aportación
podeses dirixirvos a:

@ anpacastelaoastelleiras@gmail.com


ANPA
CASTELAO



IES AS
TELLEIRAS



Estrada de Cedeira, km 1
15570 - Narón



Qué é unha ANPA?

Unha ANPA é unha asociación sen ánimo de lucro, integrada por pais e nais do alumnado do instituto no que están matriculados os nosos fillos e fillas.

A ANPA é unha canle fundamental de participación dos pais e nais na comunidade escolar.

A pertenza á mesma é voluntaria e pódese pertencer como asociado/a durante todo o tempo que os fillos/as permanezan no centro.

Está representada por unha Xunta Directiva composta por: presidente, vicepresidente, secretario, tesoureiro, e vogais.

Por qué participar na ANPA do instituto?

Como nais e pais queremos o mellor para as nosas fillas e fillos. É por iso que traballamos para o axeitado desenvolvemento da súa personalidade, coa fin que aprendan a superar dificultades, convivir con todos/as, respectar as diferenzas e impulsar un modelo integrador e valente do Ensino Público que non se limite a preparar intelectualmente, senón que prepare tamén para a vida dende a solidariedade e a mellora das relacións sociais.

- As familias podemos ser escoitadas como colectivo nos institutos e na administración pública competente en materia de educación respecto a todo aquilo que pensamos sobre a educación que están a recibir os nosos fillos/as.
- Podemos estar ao día como pais e nais do que acontece no lugar no que os nosos/as fillos/as pasan 5h ao día ou máis, de luns a venres durante 9 meses,

- tempo que moitas veces é maior do que nós podemos estar con eles.
- Pola importancia de levar aos Consellos Escolares a presenza dos pais e nais organizados nas ANPAS para defender os intereses de todo o alumnado.
- Promover a participación dos pais e nais dos alumnos/as na xestión do Centro.
- Para colaborar nas actividades educativas do Instituto.
- Asistir aos pais e nais e titores en todo o que se refire á educación dos seus fillos, promovendo reunións de colaboración e boas relacións entrambos.
- Requerir aos poderes públicos o cumprimento das leis, regulamentos e plans de actuación relativos á educación, recabando a atención e axudas que ésta merece.
- Promover actividades formativas, culturais e de estudo .